

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

EXTRACTO da Orde do 2 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras, se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas a proxectos de investigación sanitaria translacional, programa Translaciona COVID-19. Reforzo da investigación sanitaria de Galicia, e se dá publicidade da encomenda de xestión de carácter técnico á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para a tramitación e xestión das citadas axudas (código de procedemento SA304C).

BDNS (Identif.): 513957.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Serán beneficiarios os institutos de investigación sanitaria de Galicia, que poderán solicitar as axudas da presente convocatoria a través das súas entidades de xestión, de acordo co disposto no artigo 4.c) do Real decreto 279/2016, do 24 de xuño, sobre acreditación de institutos de investigación biomédica ou sanitaria.

A través destes institutos poderá presentar proxectos de investigación calquera profesional sanitario, investigador ou grupo de investigación vinculado ao Sistema público de saúde de Galicia na súa respectiva área sanitaria.

Segundo. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e proceder á convocatoria extraordinaria das axudas do programa Translaciona COVID 19. Reforzo da investigación sanitaria de Galicia, convocatoria que ten como finalidade apoiar a investigación sanitaria na súa vertente translacional, co financiamento de proxectos, iniciativas ou ideas xurdidas dentro do Sistema público de saúde de Galicia no eido da investigación sanitaria, orientadas á prevención, diagnóstico ou tratamento da enfermidade COVID-19 (código de procedemento SA304C), e realizar a súa convocatoria para o ano 2020.



Terceiro. Bases reguladoras e convocatoria

Orde do 2 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras, se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas a proxectos de investigación sanitaria translacional, programa Translaciona COVID 19. Reforzo da investigación sanitaria de Galicia, e se dá publicidade da encomenda de xestión de carácter técnico á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para a tramitación e xestión das citadas axudas (código de procedemento SA304C).

Cuarto. Contía

A contía máxima destinada a financiar estas axudas será de cincocentos mil euros (500.000 €), dos cales trescentos cincuenta mil (350.000 €) estarán destinados a financiar os gastos de contratación de persoal (artigo 5.2.1d) e cento cincuenta mil euros (150.000 €) para o resto dos gastos (artigo 5.2.1), que se imputarán ás aplicacións orzamentarias do orzamento do Servizo Galego de Saúde para os anos 2020 e 2021, coa seguinte distribución que se indica neste artigo, nas cales existe crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma galega.

Servizo Galego de Saúde	Aplicación orzamentaria	Código do proxecto	2020	2021
Servizo Galego de Saúde	5001.561C.481.00 capítulo IV	2020 00014	87.500 € * 70%	262.500 € *70%
Servizo Galego de Saúde	5001.561C.781.00 capítulo VII	2020 00014	37.500 €* 30%	112.500 € *30%
Total			125.000€	375.000€

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes será de 15 días, contados desde o seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. Outros datos

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado que, a título exclusivamente informativo, figura como anexo da orde e que estará dispoñible tanto na guía de procedementos (<https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos>) como na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) co código SA304C.



Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2020

Jesús Vázquez Almuiña
Conselleiro de Sanidade

CVE-DOG: dwmdmfc2-kem8-ul91-fvq5-sz7zcm8z0gy6

